

CONVOCATORIA DE AXUDAS DA ACCIÓN ESTRATÉXICA EN SAÚDE 2022

No BOE do 9 de febreiro de 2022 publicouse o extracto da Resolución do 7 de febreiro de 2022, da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III, O.A., M.P., pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2022 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxo texto completo se pode consultar na Base Nacional de Subvencións co identificador [BDNS 609489](#).

Os obxectivos destas axudas son:

- Formación de doutores no campo da Biomedicina e as Ciencias da Saúde, de especialistas en Ciencias da Saúde con formación sanitaria especializada en investigación biomédica, clínica e traslacional e de persoal técnico e de xestores de I+D+i no campo da investigación biomédica.
- Contratación de doutores e a incorporación aos centros asistenciais do SNS de persoal facultativo con experiencia investigadora, de especialistas con formación sanitaria especializada, titulados universitarios e outro persoal técnico de apoio á investigación no SNS, incluídas as actividades de xestión de I+D+i en Biomedicina e Ciencias da Saúde.
- Desenvolvemento de proxectos de I+D+i en saúde que favorezan a transferencia de coñecemento ao SNS, proxectos de carácter aplicado para incrementar o grao de madurez do seu desenvolvemento tecnolóxico e proxectos para fomentar a investigación clínica independente.
- A incorporación de novos grupos de investigación ao Consorcio CIBER.
- Desenvolvemento de proxectos de colaboración internacional para abordar de forma conxunta e coordinada os grandes desafíos da sociedade, contribuíndo á consolidación do Espazo Europeo de Investigación.

A contía máxima destinada ás axudas ascende a 144.072.170,72 euros.

Os prazos de presentación de solicitudes son:

1. Para os **contratos de xestión en investigación (GIS e FGIN), persoal técnico de apoio á investigación e axudas á mobilidade (M-AES e M-BAE)**: do 1 ao 22 de marzo de 2022.
2. Para os **contratos Miguel Servet, Miguel Servet tipo II, Juan Rodés, Intensificación e Proxectos e I+D+I en saúde**: do 2 ao 23 de marzo de 2022.
3. Para os **contratos Río Hortega e Sara Borrell**: do 9 ao 29 de marzo de 2022.
4. Para os **proxectos de desenvolvemento tecnolóxico**: do 9 ao 31 de marzo de 2022.
5. Para os **contratos PFIS e i-PFIS**: do 17 de marzo ao 6 de abril de 2022.
6. Para os **proxectos de investigación clínica independente e incorporación de novos grupos ao CIBER**: do 5 ao 27 de abril de 2022.
7. Para os **proxectos de colaboración internacional**: do 25 de outubro ao 8 de novembro de 2022.

Para accederdes á sede electrónica [picade aquí](#).

No lateral dereito dispoñedes da Orde ministerial coas bases, a convocatoria e as fichas resumo da convocatoria.

CONVOCATORIA DE AXUDAS AES 2022

Orde ministerial
coas bases

Resolución do
ISCIII

Corrección de
erros

FICHAS RESUMO

Fichas

